

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Corrección de erros.-Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo de formación inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido erro, na devantida orde, publicada no DOG nº 48, do xoves 8 de marzo de 2007, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 3.583 despois da táboa, Horas do ciclo formativo, hai que engadir o seguinte:

«* Curso seguinte ou seguintes».

II. AUTORIDADES E PERSOAL**a) CESAMENTOS:****CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

Decreto 26/2007, do 8 de marzo, polo que se dispón que cese Xosé Anxo Carreira Montes como delegado provincial de Lugo.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta da conselleira de Vivenda e Solo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día oito de marzo de dous mil sete,

DISPOÑO:

Que cese, por petición propia, Xosé Anxo Carreira Montes como delegado provincial de Lugo da Consellería de Vivenda e Solo, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, oito de marzo de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

b) NOMEAMENTOS:**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

Orde do 22 de febreiro de 2007 pola que se nomea a comisión de valoración dos méritos no concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia.

A Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, establece, no seu artigo 19, que a auto-

rización de novas oficinas de farmacia se outorgará por concurso público.

Por Resolución do 29 de decembro de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade (*Diario Oficial de Galicia* nº 6, do 9 de xaneiro), convócase concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia, de acordo cos criterios de planificación da Consellería de Sanidade e co disposto no Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, cerramento e transmisión de oficinas de farmacia, que regula no seu título II, capítulo II, sección primeira, o procedemento de autorización de apertura de novas oficinas de farmacia e, na súa sección segunda, o procedemento de adxudicación das ditas oficinas de farmacia. No artigo 23 deste decreto, ao que se refire a base IV da convocatoria, dispónse:

«1. Por orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais procederase ao nomeamento dunha comisión de valoración, facéndose pública a súa composición no *Diario Oficial de Galicia*. Esta comisión será a encargada de valorar os méritos alegados polos concursantes seguindo os criterios contidos no baremo. Así mesmo, adoptará os acordos-proposta sobre a relación de admitidos, así como sobre as listas provisionais e definitivas de adxudicatarios, e elevarallos á Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

2. A comisión de valoración estará formada por catro representantes da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e do Sergas, un dos cales actuará como presidente, e un representante por proposta dos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia ou do consello galego destes. Os membros desta comisión deberán ter, como mínimo, nivel de xefatura de servizo e ser titulados superiores».

Polo tanto, en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo único.-Noméase a comisión de valoración dos méritos no concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia, que estará integrada polos seguintes membros:

Presidencia:

-Germán González Pazó, director xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade.

-Suplente: Marisa López García, subdirectora xeral de Aseguramento da Consellería de Sanidade.

Secretaría:

-Raquel Vázquez Mourelle, xefa do Servizo de Ordenación Farmacéutica e Control de Medicamentos do Servizo Galego de Saúde.